



"QUEIMADA GALEGA" «CONXURO DOS CELTAS E DRUÍDAS»»

Por: Maracas

¡Oh, Sagrados Espíritus do verdecente país dos petroglifos!
¡Castros, ánforas e citanias, dolmens e mámoas !
¡Sabios devanceiros da doce nación de Breogán !
Invocámosvos, seres sagrados, viaxeiros do vento, lindo lar,
espíritos das flores, trasnos, trasgos, meigas, ninfas e elfos.
Buguinas, delfíns veloces e misteriosos carros de lume
da Estrela Madre, no tempo de tórdolos comezos.
¡Pedímosvos a Paz, Harmonía e Sabedoría !
E con sumo respecto ofrecémosvos o Conxuro
desta erótica Queimada con flores de Verbena.
Dende Bretaña ata Galicia,
cara aos confíns da Vía Láctea,
seguindo as estrelas chameantes.
No Mais Alá deste misterioso Océano de estrelas e galaxias
infinidade de seres, as túas guían aos sagrados ancestros.
Na eternidade da Noite, iluminan as ánimas do Mundo,
polo infinito camiño dos pobos primitivos,
salvaxeamente sacrificados e torturados
no lume das santas fogueiras.
¡Áimas perdidas e malignos espíritos das conciencias
cambian na escuridade do poder.
¡Reencarnadas auras, momias e fantasmas do inferno !
¡Sodes os diaños das Santas Compañías de Corsarios e Piratas !
Camiñades atormentados polo negro sendeiro
do Mais Alá da morte.
Estades condenados polos séculos dos séculos,
ata o Fin da Terra.
Fanáticos dos ídolos, Deuses sanguentos,
e colosos con pés de escravos.
¡Guerra nunca más !
¡Nunca más ao xenocidio das Guerras !
¡Que nunca xamais volva a barbarie das Guerras !
Polos sagrados espíritus da Paz da Natureza.
Pola eterna luz da Vida do Universo.
¡Que así sexa !
¡Pola Terra, o Amor e a Liberdade da Humanidade !
¡Sabios devanceiros dos bravos pobos da Galicia !
¡Celtas e Druídas !
¡Pola Terra Nai ! ¡Oh, Manitú !
Ofrecémosvos o doce elixir
Nas Noites dos Deuses

Desta Sagrada Queimada.



SUBVENCIONADO POLA:



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística